

DE 0 a 5 ANOS




¿QUE CONTAN AS OVELLAS PARA DURMIR?
de Kiko Dasilva.
Editorial Galaxia

¿Que facedes vós cando non podeades durmir? Xa sabedes que un bo truco é poñerse a contar ovellas ata conseguir quedar durmidos. Seguro que máis dunha vez tivestes que botar man deste remedio. Pero, ¿pensastes algunha vez que é o que fan as ovellas para prender no sono? Pois a resposta está neste libro que conta cunhas divertidas ilustracións.



OS BOLECHAS de
Pepe Carreiro
Editorial A Nosa Terra

Son os protagonistas da máis nutrida serie da nosa literatura infantil. Contan cunha lexió de seguidores entre os máis pequenos sen teren máis soporte que o libro ilustrado. Cada vez tocan máis ámbitos e visitan máis lugares da nosa xeografía.



¡PORQUE TE QUERO TANTO! de Guido Van Genechten.
Editorial Luís Vives
(Edelvives)

Osiño sabe moitas cousas, pero algunhas non as comprende ben. Por iso lle fai preguntas á súa mamá. Sen embargo, a resposta á pregunta máis importante si que a sabe.



UN PUNTO ROJO de
David A. Carter.
Editorial Cambell

Cando se abre cobra vida e asombra o derroche de imaxinación e creatividade que ofrece este.....¿libro? ¿xogo? ¿atracción?. Se trata de atopar o punto de cor vermella. Só eso. E atoparalo en caixas tolas, pompas de papel, serras ruidosas.....



A CADELA E O OSO
de Azucena Arias e María Xosé Pulido.
Editorial Ir Indo

O seu primeiro libro de poemas con excelentes ilustracións.

DE 6 A 8 ANOS



TOME E O LAPIS MÁXICO de Ricardo Alcántara.
Editorial Edelvives

...¿Ter amigos é a sensación máis fermosa! Para atopalos basta con debuxar unha porta e saír por ela a ve-lo mundo. Ás veces, un non se decata do doado que é abrir esa porta. Outras veces, aínda que a porta estea diante, un nin sequer é quen de vela. Tomé poderá debuxar e abri-la porta para saír da caixa na que vive porque ten un lapis máxico. Pero, en realidade, ¿fai falta a maxia para atopa-la amizade?




LA RATITA PRESUMIDA
Editorial Kalandraka

Mentres a ratiña presumida varre a súa casa atopa unha moeda, e decide comprarse un bonito lazo para adornar a súa cola. A partir de aí, moitos pretendentes proporanlle matrimonio, pero a ela non lle agrada nin o touro, nin o galo, nin o can, nin moito menos o gato, os que se marchan ofuscados trala súa negativa. Pero o rato soñador consegue ...



ESTE MONSTRUO ME SUENA de Gabriela Keselman Porter.
Editorial La Galera

Eugenio é un neno que está xogando tranquilamente, cando de repente se lle aparece un monstruo. No lle ten medo xa que está seguro de que o ten visto antes. Pero o monstruo se llo quere comer, o mete nunha ola e está disposto a merendalo. ¡E aínda lle espera unha sorpresa final!



MUMU de Hilda Perera.
Editorial Bruño

Esta é a historia dun elefante dende que nace ata que se converte en xefe. Pasa mil sustos e traballos: case o come unha crocodila, cae rodando polo río abaixo ...



DON QUIXOTE E BREGGAN de Anxo Farina.
Editorial A Nosa Terra

Bregoán descubriu un libro marabilloso na biblioteca. Alí coñeceu a Don Quixote e con el e Sancho Panza marchará de aventuras

DE 9 A 11 ANOS



O RAILO VELOZ de
Agustín Fernández Paz.
Editorial Planeta & Oxford

Cando Adrián entrou a traballar na empresa de mensaxaría O Raio Veloz, non podía imaxinar o que o agardaba. Montado na súa moto de repartición, Adrián vivirá aventuras insólitas. E a maior chegará cando comece a recibir na súa casa unha serie de mensaxes misteriosas. ¿Quen llas envía e para que?



EL ENCANTO DE LA OSCURIDAD de
Elisabetta Grone.
Editorial Mare Nostrum

Neste segundo episodio, *El Encanto de la Oscuridad*, conta novas historias de algúns dos personaxes emblemáticos de Fairy Oak, e tamén a gran batalla que se libra entre os seus habitantes –bruxas, magos, sinmaxia fadiñas voadoras, ademais de Roble, que cos anos perdeu o seu vigor e aparece máis vello e cansado– e o terrible Enemigo, que busca apoderarse da bruxiña da Escuridade.




KIKA SUPERBRUXA
de Knister.
Editorial Bruño

Desde que un bo día Kika atopou un libro de maxia xunto á súa cama, a ela encántalle facer feitizos, aínda que ás veces os seus esconxuros teñen consecuencias inesperadas...



PALABRA DE CAMELO de Gonzalo Moure.
Editorial Anaya Infantil y Juvenil

Kori é un neno de oito anos que só recoñece as palabras nos movementos da boca. Por iso é capaz de saber o que lle di o seu mellor amigo, un pequeno camelo ao que trata de salvar camiño dese deserto co que sempre soñou. Quizais a súa aventura nunca remate, sobre todo pola mensaxe tan especial de Caramelo.



TODAS LAS RESPUESTAS A LAS PREGUNTAS QUE NUNCA TE HAS HECHO.
Editorial Faktoria de Libros

Por que Papa Noel vai vestido de vermello e branco? Por que nos damos a man para saldarnos? Que se facía antes de ter papel hixiénico? De onde vén a @? Todas as respostas neste libro

A FAMILIA COMPROMETIDA COA LECTURA

- É a que anima a ler aínda antes de que o seu fillo ou filla saiba ler.
- É aquela que conta contos aos fillos e fillas, recítalles rimas e poesías, lellas en voz alta e enche os seus ordos de musicalidade e máxia.
- É a que dá exemplo lendo libros, revistas, xornais...
- É aquela que comparte e comenta as lecturas dos seus fillos e fillas.
- É aquela que entende que a compra dun libro forma parte dos gastos da educación dos seus fillos e fillas.



O C.E.I.P. Rosalía de Castro guérelles desexar unhas Boas Festas e un Próspero Aninovo.



Non hai espectáculo máis fermoso
cá mirada dur neno que le"

Günter Grass
(Premio Nobel de Literatura 1999)

**Regalar libros aos fillos
é unha responsabilidade
e un privilexio.**